

Limiares acuosos

.....

Carlos Fer



Do 11 de setembro
ao 16 de novembro de 2025

.....

Casa Galega da Cultura

CONCELLO
DE VIGO





Limiares acuosos

Carlos Fer

.....

Nada na natureza é plano. E se o é, nalgún momento deixou ou deixará de selo. Mesmo a superficie tranquila dun charco, tan lisa que reflicte o ceo e deixa ver o fondo, está destinada a romper a súa quietude. Entón, por que construímos o noso mundo sobre paredes rectas, chans bidimensionais e pantallas planas?

Nesta mostra, técnicas tradicionalmente vinculadas á bidimensionalidade como o azulexo, a pintura ou o audiovisual transfórmanse para habitar o volume. O mundo defínese polo corpo e a materia, e a nosa experiencia como humanos tamén. Aquí, a auga da ría de Vigo serve como punto de partida para dar forma a superficies inspiradas na súa natureza líquida. A auga móvese, pregase en ondas, roza o aire cun xogo constante de forzas tan suaves como poderosas.


“Limiares acuosos” nace dunha investigación arredor dos azulexos das fachadas de Vigo. Estes elementos cerámicos adquiren volume grazas a

procesos de modelaxe e escaneado 3D, imprimíndose en pezas de PLA biodegradable transparente. Translúcidos como a propia auga, fúndense coas imaxes proxectadas da ría e dos lugares onde foron atopados. Completan a instalación dúas pinturas que cuestionan a súa propia definición. Unha delas constrúese desde unha forte carga material, mentres que a outra recorre á linguaxe audiovisual atravesada por subtítulos fráxiles, ensaiando unha narración audiovisual que tenta explicarse a si mesma.

Nosa proposta procura reunir a gráfica e as matrices dixitais coa instalación artística, a pintura, o deseño 3D e a tradición cerámica nun proxecto transdisciplinar que persigue un diálogo entre a cidade e a súa paisaxe líquida. Deste xeito, “Limiares acuosos” preséntase como un territorio de transición, un espazo onde o sólido e o líquido, o pasado e o presente, préganse e reflíctense mutuamente trala ría de Vigo.

Limiares acuosos

Carlos Fer



Casa Galega da Cultura

Praza da Princesa, 2. Vigo.

Do 11 de setembro ao 16 de novembro.

Luns a venres: de 18:00 a 21:00 h.

Sábados: de 12:00 a 14:00 e de 18:00 a 21:00 h.

Domingos e festivos: de 12:00 a 14:00 h.



REDE DE MUSEOS
CONCELLO DE VIGO
Casa Galega da Cultura

**CONCELLO
DE VIGO**

